




**En BLOQUE,
PODEMOS!**

 **30 anos sumando
esforzos por Galiza**

Convención Nacional. Palacio de Congresos de Santiago.
Domingo 30 de setembro, 12 da mañá.

30 anos sumando esforzos

O BNG leva 30 anos sumando esforzos por unha Galiza máis xusta, máis próspera e dona de si. 30 anos de intenso diálogo coa sociedade galega, porque servir ao pobo galego é a única razón de ser do Bloque Nacionalista Galego.

Hoxe o país vive unha crise sen precedentes, provocada por políticas feitas ao servizo dos mercados e da banca e agravada por un goberno, o de Feijóo, absolutamente incompetente e, ademais, mentireiro.

Hai que facer fronte ás políticas da dereita e dos mercados

Galiza precisa facer fronte con contundencia ás políticas ditadas polas elites económicas, e que executan a Unión Europea, os gobernos españois (antes do PSOE e agora do PP) e a Xunta de Galiza. O BNG faino con coherencia, tanto nas mobilizacións sociais como nas posicións e propostas institucionais.

Seguiremolo a facer. Galiza precisa un cambio profundo de políticas. Hai que parar o recorte incesante de dereitos e de benestar da maioría.

Feijoo: o peor goberno e o peor presidente da historia de Galiza.

O balance que presenta Feijoo dos seus tres anos e medio de goberno resúmese en dúas palabras: fracaso absoluto.

- O goberno de Feijoo foi o goberno do paro, dos recortes sociais e da submisión a Rajoy contra os intereses de Galiza.
- Desde que chegou Feijoo o paro pasou do 12 ao 21 por cento. Hoxe hai 275.000 parados e paradas.
- A débeda de Galiza pasou de 3.200 a 8.000 millóns de euros.
- O PP non tivo política económica produtiva: explotacións agrarias e gandeiras pechadas, despece de embarcacións pesqueiras, peche de comercios e pequenas e medianas empresas, declive industrial e abandono da I+D+i.



- Feijoo pilotou o desmantelamento do sector financeiro galego. Consentiu a liquidación das nosas caixas, protexeu aos seus directivos e abandonou aos afectados pola fraude das participacións preferentes.
- O PP recortou, privatizou e desmantelou os servizos públicos básicos: menos profesorado e máis alumnado por aula; menos profesionais sanitarios e máis listas de espera; máis dependentes sen prestación. Eliminou políticas sociais e de igualdade.
- O goberno de Feijoo foi un goberno que perpetrou as maiores agresións ao noso idioma e á nosa cultura. Foi un goberno inoperante incapaz de facer fronte á situación que padece Galiza. En 3 anos e medio Feijoo fixo retroceder 10 anos a Galiza. Galiza ten menos benestar, menos democracia e menos autogoberno.

Os plans de Rajoy-Feijoo: máis recortes, agora tamén nas pensións.

Feijoo non pensa en Galiza. Obedece cegamente os ditados de Madrid, de Rajoy. O PP adiantou as eleccións para tentar que non lle afecten electoralmente os novos recortes previstos. Despois das eleccións continuarán as políticas de recortes sociais, continuarán facendo o contrario do que prometen. Nesta ocasión tocaralle a vez tamén ás pensións.



Sumemos esforzos noutra política posíbel: nacionalista e de esquerdas.

Para enfrontar as políticas da dereita e das elites económicas é preciso concentrar e sumar esforzos, que o PP pretende dispersar para manter as cousas como están e dar novos pasos:

- avanzar cara un Estado español aínda máis centralizado no poder político,
- contribuír á concentración do poder económico, co deterioro dos dereitos e o benestar das maiorías sociais.

O BNG é unha forza nacionalista que defende o autogoberno e os intereses de Galiza sen ter que chamar a ninguén a Madrid. O BNG é unha forza que defende políticas de esquerda a favor dos dereitos sociais da maioría. Galiza precisa a forza da rúa e alternativas solventes para virar as políticas actuais.

O BNG di que hai alternativas e ponas sobre a mesa: Banca Pública, Concerto Económico, reforma fiscal progresiva, supresión das Deputacións, impulso aos sectores produtivos, defensa da lingua galega, insumisión fronte ás políticas de recortes ditadas por Berlín e por Madrid...

Logo de 30 anos, a sociedade galega segue a ter no BNG o mellor instrumento para parar os recortes, avanzar en autogoberno e en benestar, a única forza política que ten o seu centro de decisión en Galiza e que sempre pon as persoas por diante dos mercados.



30 anos sumando esforzos por Galiza

www.bng-galiza.org
facebook.com/bloquenacionalistagalego
twitter.com/obloque

